endesa generación

Unidade de Producción Térmica As Pontes

Estimado Dr. Wenceslao González Manteiga:

Con relación ao seu proxecto de investigación "Modelos de Predición con datos funcionais. Aplicacións medioambientais e financeiras" do cal é vostede Investigador principal, quero manifestarlle o noso interese en dita investigación e nos resultados que da mesma se puidesen obter.

A UPT de As Pontes, propiedade de Endesa Generación S. A., considera a excelencia medioambiental como un valor fundamental. Por isto realiza todas as súas actividades de maneira respectuosa co Medio Ambiente e conforme aos principios do desenvolvemento sostible, comprometéndose co aproveitamento e conservación dos recursos que emprega.

Na liña deste compromiso medioambiental, a UPT As Pontes implantou un Sistema de Xestión Medioambiental que ten como un dos seus obxectivos básicos a potenciación das actividades de vixilancia e control dos aspectos e impactos medioambientais. A colaboración Universidade- Empresa desempeñou un papel clave nesta área ao longo dos últimos anos.

En particular, o Departamento de Estadística e Investigación Operativa da Universidade de Santiago mantén unha colaboración permanente, a través de proxectos de investigación, sobre a predición da calidade do aire no entorno da instalación, proporcionando ferramentas eficaces que axudan ao cumprimento da lexislación ambiental aplicable.

Por esta razón reitero o noso interese no seu proxecto e ofrézolle a posibilidade de que conte ca nosa colaboración no que se refire ao apoio na execución do mesmo.

Quedo á espera de noticias e aproveito a ocasión para saudalo atentamente.

Endesa Generación, S.A.
U.P.T. As Pontes
endesa
Sección Medio Ambiente

José Luis Bermudez Cela
Xefe de Sección MedioAmbiente, U. P.T. As Pontes.